

A poesía galega actual. Algunhas notas, necesariamente provisorias, para un estado da cuestión¹

Contemporary galician poetry. A few (necessarily provisional) notes to determine its present state

Maria Xesús NOGUEIRA

Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de Filoloxía Galega
shusnog@lugo.usc.es

RESUMO

Este artigo ten por obxectivo ofrecer unha panorámica da poesía Galega contemporánea, centrándose tanto na súa evolución como nas diversas correntes estilísticas aparecidas desde 1976. Tamén se referirá aos temas do discurso historiográfico e crítico e inclúese unha bibliografía comprensiva.

NOGUEIRA, M. X. 2003. «A poesía galega actual. Algunhas notas, necesariamente provisorias, para un estado da cuestión». *Madrygal* (Madr.). 6: 85-97.

RESUMEN

Este artículo pretende ofrecer una visión general de la poesía gallega contemporánea, centrándose tanto en su evolución como en las distintas corrientes estilísticas aparecidas desde 1976. También aborda los temas del discurso historiográfico y crítico incluyéndose una bibliografía comprensiva.

NOGUEIRA, M. X. 2003. «La poesía gallega actual. Algunas notas, necesariamente provisorias, para un estado de la cuestión». *Madrygal* (Madr.). 6: 85-97.

ABSTRACT

This paper aims to give an overview of the contemporary Galician poetry, focusing both on its evolution and the several stylistic trends since 1976. It also deals with the historiographic and critical discourse on the subject and includes a comprehensive bibliography.

NOGUEIRA, M. X. 2003. «Contemporary galician poetry. A few (necessarily provisional) notes to determine its present state». *Madrygal* (Madr.). 6: 85-97.

SUMARIO 1. Consideración previas. 2. Exposición (tamén) necesaria. 3. Referencias bibliográficas.

¹ O presente texto tivo o seu xermolo nas notas elaboradas para a conferencia «A poesía galega actual» pronunciada na Universidad Complutense de Madrid, en abril de 2002.

Tratase de rescatar Galicia
desta campa de sombra.
ROMPENTE. *Silabario da turbina*

1. Consideracións previas

Ao longo dos últimos anos, o sistema literario galego foi facéndose cunha serie de estudos de ben distinta índole, concibidos co obxectivo de divulgar, historiar ou explicar o discurso poético dun período que adoita situarse entre o ano 1975 e a fin do século e, deste xeito, ir enchendo un baleiro crítico que ten sido denunciado en sucesivas ocasións (Villar, 1996; Nogueira, 1997¹).

A heteroxenidade dos materiais, debido tanto á súa propia natureza como ao momento da súa elaboración, contribuiu considerablemente á formación de determinadas correntes de opinión que, unha vez consolidadas, chegaron a funcionar como verdades incuestionables.

Dado que o obxectivo deste traballo é levar a cabo unha revisión das principais achegas que permite unha sistematización da poesía producida ao longo destes anos, considerei necesario reparar no proceso de formación dun discurso, constituído por fontes secundarias de catro tipos:

- a) Limiares alógrafos das propias obras de creación.
- b) Recensións.
- c) Antoloxías, acompañadas tamén en ocasións dos seus respectivos estudos introductorios.
- d) Traballos monográficos sobre determinadas épocas, poéticas ou autores².

Os primeiros materiais desempeñaron, no momento da súa publicación, unha importan-

te función derivada da asunción, por parte de escritores pertencentes ao contorno e estudosos afins, dalgúns das funcións que Gerard Genette sinalara para os prefacios autorais, como a de resaltar a importancia da obra, situala nos eixes dunha tradición, defendela contra posibles críticas ou todas aquelas que temen que ver no comentario (Genette, 1987: 256-257). Ainda que non dispomos de ningún estudio sistemático ao respecto, a observación do corpus de paratextos incluídos nas obras daqueles autores que aparecen por vez primeira no panorama literario dos anos aos que me estou a referir, resulta reveladora. Velaquí algúns exemplos: o limiar de Roman Raña a *Os días olvidados* (1985), de Eusebio Lorenzo Balceirón; de Miguel Anxo Fernán-Vello a *Luminoso lugar de abatimento* (1987), de Xosé María Álvarez Cáccamo; de Xosé Luis Méndez Ferrín a *Uránia* (1991), de Clíus Pato, e *Letras vencidas* (1999), de Manuel Outeiriño; de Piilar Pallarés a *Despertar das amantes* (1993), de María Xosé Queizán; ou de Olga Novo a *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998), de Yolanda Castaño³.

Pola súa banda, as recensións son lecturas feitas sen a penas distancia temporal con respecto á publicación da obra. Á súa inmediatez debemos engadir outros factores condicionantes, como son o carácter divulgativo, cuando non publicitario, ou a condición efémera dos soportes nos que son publicadas (a prensa diaria, os folletos das editoras ou as escasas revistas especializadas). A este respecto, resulta oportuno lembrar a observación de Iris Cochón acerca da canonización destes textos no discurso poético galego dos últimos anos⁴.

No que atinxo ao terceiro tipo de materiais, debemos notar o considerable número de antoloxías que escolmaron a poesía escrita ao

¹ Iris Cochón contempla este baleiro nun marco máis amplo, como é «a desatenção analítica que sofre a poesía en Galicia desde mediados dos anos setenta» (Cochón, 2001a: 367).

² Cochón caracterizou así o panorama: «Nun exame rápido é doadto observar que as fontes historiográficas sobre as que se sustenta a canonización poética do último cuarto de século, en especial no que atinxo ó tramo dos oitenta, redúcese ós prólogos naturalmente amigables dalgúns das obras, variadas recensións divulgativas de tipo publicitario, breves panorámicas anuais e certas antoloxías. Por norma xeral, trátase dunha crítica militante, xurdida a iniciativa dos grupos poéticos e os seus achegados para activar un cambio de rumbo no horizonte» (Cochón, 2001a: 368).

³ Por cuestións de espacio excluirei da información bibliográfica os limiares, panorámicas e recensións, a pesar de constituir en ocasións aproximacións ou análises de notable interese.

⁴ *Vid.* nota 3.

longo destes anos, así coma o seu poder de canonización de determinados autores e tendencias. A estas alturas, a crítica é unánime á hora de recoñecer a función que neste senso desenvolveu, con respecto ás tendencias dominantes durante a década dos oitenta, o libro *Desde a palabra doce voces. Nova poesía galega* (1986), de Luciano Rodríguez Cómez, tanto polos autores nela escolmados⁶ como polo seu estudio introductorio. Helena González chegou a afirmar que

a poesía dominante dos oitenta é unha especie de caldo que foi collendo corpo nas sucesivas propostas antolóxicas de Luciano Rodríguez, nas que foi revisando a súa proposta inicial (González, 1998: 656).

Menor influencia tiveron outras compilacións máis heteroxéneas, como a *Escolma de poesía galega. 1976-1984* (1984), preparada por Xosé Lois García; o texto bilingüe *Poesía Gallega de Hoy -Antología-* (1990); a tamén bilingüe *Fin de un milenio. Antología de la poesía gallega última* (1991), de Francisco López-Barxas e César Antonio Molina; ou *50 Anos de Poesía Galega. Antología. A xeración dos 50. A xeración dos 80* (1994), publicada por Carlos L. Bernárdez, que abrangue un período moi más amplio. A estes textos, que pretenden ofrecer unha visión da poesía publicada desde mediados dos anos setenta ou principios dos oitenta ata o final da década, debemos engadir outras escollas bilingües de menor difusión entre nós, como é o caso da preparada por Xavier Rodríguez Baixeras e Àlex Susanna, titulada *Seis Poetas Gallecs* (1990), ou *Galician generation of the eighties: three poets: Xulio L. Valcarcel. Pilar Pallarés. Ramiro Fonte* (1999), de Luciano Rodríguez.

No que se refire ás obras que pretenderon escolmar a poesía dos anos posteriores, os noventa, atopamos unha considerable pluralidade. Á beira de obras concibidas cuns límites que exceden a propia época, como a continuista

*Para sair do século. Nova proposta poética*⁷ (1997), preparada por Luciano Rodríguez e Teresa Seara, atopamos seleccións menores en cauto á súa extensión ou difusión, aparecidas por veces ao abeiro dunha revista ou xornal. É o caso de «Poetas dos noventa. Antoloxía» (1997), publicada por Helena González no suplemento *Chineses* de *O Correo Galego*; «Antoloxía da poesía nova» (1998), elaborada por Iris Cochón e Helena González para a revista *Crial ou Mulher a facer vento* (1998), publicada en Lisboa por Ediciones Tema. Nesta liña encádrase tamén a escolma preparada por Yolanda Castaño que, co título de *Muestra de la joven poesía gallega* (1997), publicou nun número monográfico da revista mexicana *La flama en el espejo* e que para Miro Villar constitúe, en sentido estrito, a primeira antoloxía da poesía dos noventa. O autor ten reparado no feito de que esta obra fose publicada en México D.F., interpretándoo como un síntoma máis da anormalidade do sistema literario galego (1998: 222).

Nos anos sucesivos apareceron dúas colectáneas elaboradas con criterios ben diferentes e que pretendían dar conta das novas propostas poéticas xurdidas ao longo da década dos noventa. A primeira delas foi *d'Efecto 2000. Antoloxía de poetas dos 90* (1999), preparada polo consello editorial de Letras de Cal, que recolle unha ampla nómina de escritores e tendencias de estéticas diversas. A segunda escolma é da autoría de Helena González. Trátase de *A tribo das baleas. Poetas de arestora*, antoloxía máis restrictiva que a anterior e que se presenta en edición trilingüe, galego-castelán-inglés. En ambos os dous casos —como tamén acontecía na compilación de Luciano Rodríguez e Teresa Seara— estamos diante de *antoloxías xeracionais*, segundo a tipoloxía proposta na análise de María do Cebreiro Rábade, quen salientou ademais a énfase que as escolmas galegas puxeron no concepto de xeración, *ben para refutalo, ben para subscribilo*:

⁶ A antoloxía inclúe os seguintes autores: Xosé María Álvarez Cáccamo, Xulio L. Valcárcel, Xavier Seoane, Claudio Rodríguez Fer, Ramiro Fonte, Manuel Rivas, Pilar Pallarés, Manuel Forcadela, Miguel Anxo Fernán-Vello, Román Raña, Eusebio Lorenzo Baleirón e Paulino Vázquez.

⁷ O autor publicou, case unha década despois, unha antoloxía bilingüe titulada *Los caminos de la voz* (1995), na que inclúe a Xavier R. Baixeras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xulio López Valcárcel, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte e Miguel Anxo Fernán-Vello.

⁸ Aobra, concibida como unha continuación de *Desde a palabra doce voces*, reúne textos e declaracíons autopoéticas de Ana Romaní, Antón L. Dobao, Manuel Xosé Neira, Xosé Millán Otero, Miro Villar, Marta Dacosta, Martín Veiga e Yolanda Castaño. Cf. Nogueira, 1998.

Esta énfase remóntase ós comezos da década dos setenta, pero non se afianza ata mediados dos anos noventa, proceso do que darán cumprido testemuño antoloxías como a de Luciano Rodríguez e Teresa Seara (1977), *Letras de Cal* (1999) ou Helena González (2001), que, desde moi distintos presupostos, plasman de modo implícito ou explícito as tensions xeracionais entre os denominados «poetas dos 60» e «poetas dos 90». Pode afirmarse, xa que logo, que partindo da xeración como configuración históriográfica que se ven apoianto sobre todo no segmento cronolóxico da década, as últimas escolmas poéticas galegas tenden a acoller (ou a silenciar) o debate entre as distintas promocións, ponendo de relevo tanto a súa concepción de literatura galega como o seu papel no amplio abano das estratexias sistemáticas (Rábade, 2001: 208).

Outros textos aparecidos ao longo destes anos foron concibidos cun criterio máis amplio e abranguen o período do último cuarto do século. É o caso de *A poesía contemporánea a partir de 1975* (1997), preparada por Miguel Mato Fondo para a colección A Nosa Literatura da AS-PC, ou *25 anos de poesía galega*, publicada por Luciano Rodríguez na colección Biblioteca 120 de La Voz de Galicia e última antoloxía aparecida ata o momento⁷.

Os traballos de carácter monográfico desempeñaron tamén un papel crucial na consolidación dun discurso crítico, ao constituirén as primeiras aproximacións e sistematizacions das novas propostas xurdidas nos diferentes momentos. En ocasións, as súas directrices reiteráronse en achegas sucesivas; polo que a súa influencia excede os propios obxectivos. Tal acontecemento traballo fundacional dos anos oitenta, como os artigos de Henrique Monteagudo.

do (1985) e Claudio Rodríguez Fer⁸ (1986), así como o estudio introductorio da primeira antoloxía de Luciano Rodríguez á que antes me refiri. Pola súa banda, as primeiras aproximacións da poesía dos noventa apareceron impregnadas dunha actitude de denuncia con respecto ao esquecemento que estaba a sufrir esta poesía (Villar, 1996⁹), cando non de apolloxa (González, 1997¹⁰). Fóra destas primeiras achegas, tanto os estudios panorámicos (Mato, 1991 e 1996; Domínguez, 1993; Axeitos, 1995; Araguas, 1997a e 1997b; Nogueira, 1997 e 2001; Cochón, 1999 e 2001; e Bernárdez et alii, 2001¹¹), como aqueles que se ocuparon en autores (Axeitos, 1990; Blanco, 1991; Fernández, 1991; Fernández Martínez, 1994; Casas, 1995 e 1997; Polo, 1995; Requeixo, 1995 e 1997; Seara, 1995a, 1997, 1998b, 1999 e 2000; Novo, 1996, 1998 e 1999; Reisz, 1996; Vázquez Carreira, 1997; Carracedo, 1998; Rábade, 1998 e 2000; Acuña / Mejía, 1999; Lamela / Nogueira, 2000; López Silva, 2000 e 2002; Fraga, 2001), tendencias e outras cuestións (Seara, 1995b e 1998a; Casas, 1998; Cochón, 1998 e 2000; Romero, 1998; Nogueira, 2000a e 2000b) elaboráronse na súa maioría nos últimos anos da década dos noventa e primeiros do novo milenio. Neste senso, cómpre non esquecer a atención por este corpus no ámbito universitario, que se plasmiou nun número crecente de traballos académicos.

⁷ Como apuntéi anteriormente, a inercia actuou en ocasións no proceso de formación deste discurso crítico, chegando a inmobilizar unha serie de opiniós merecedoras dunha

⁷ Arturo Casas está a preparar, para a editorial Tris Tram, unha escolma baixo o título *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* que, polas súas características, ha contribuir de maneira considerable ao estudo deste período.

⁸ Este estudo tivo a súa continuidade en Rodríguez Fer, 1989 e 1995.

⁹ Cfr.: «Este silenciamiento sorprende e mesmo evidencia a arteriosclerose do noso sistema literario, pois non esquezamos quen a chamada «xeración dos oitenta» xa fora protagonista colectivo dun importante ensaio *Dez anos de poesía galega* de Henrique Monteagudo (*Gral.*, 89, 1985), e dunha interesante antoloxía que se intitulou *Desde a palabra doce voces. Nova poesía galega*, por citarmos só as súas achegas que consideramos máis relevantes» (Villar, 1996: 11).

¹⁰ Fanto o título do traballo, «A poesía dos noventa e a reacción contra a poesía dominante», como o parágrafo introductorio que a seguir reproducido resultan, ao meu ver, sumamente reveladores: «Se cadra a alguns lectores poderá parecerles que a miña visión da poesía actual pecha de interesada e parcial. Non vou acudir a desculpas retóricas por tan pouca causa (non irán pensar que a crítica é unha disciplina aséptica!). Ás veces á mantenta e outras por descoido faltan nomes de escritores ou de maneiras particulares de entender o xénero (isto non é un catálogo), e poída que non caigan de acordo conigo o chamarles poesía a certos produtos que parecen demasiado «salvaxes» se se ven só dende concepcións estéticas do discurso literario» (González Fernández, 1997: 3).

¹¹ Os traballos de Mato (1991), Bernárdez et alii. (2001), Cochón (2001a, 2001b) e Nogueira (2001) están inseridos en estudos historiográficos de maior amplitud.

revisión. Fose esta actitude, fose un certo consenso de pareceres, o certo é que nestes traballois podemos identificar algunas constantes que non sempre favoreceron o rigor do discurso acerca da poesía actual e que podemos enumerar como segue:

i. Tendencia á simplificación no relativo á periodización en torno a tres momentos determinados: o ano 1976, no que segundo unha opinión non sempre compartida se produciu o *cambio de rumbo* da poesía galega (*vid. infra*); a década dos oitenta e a década dos noventa. Semellante reducción deixou numerosos espacios que non foron iluminados polo discurso crítico maioritario. Un claro exemplo constitúe no segmento que vai do ano 1976 ao comezo da década ou os últimos anos desta, difuminados a miúdo nos períodos anteriormente mencionados.

ii. Identificación das dúas décadas con dúas correntes poéticas enfrentadas e etiquetadas baixo denominacións diversas que insisten na referencia cronolóxica: *poesía ou xeración* (con todos os problemas que o termo suscita) *dos oitenta vs. poesía dos noventa ou posoitenta*, cando non denominacións más imprecisas como *poesía última*, *poesía da fin do milenio* ou *poesía nova*. Foi fundamentalmente nos últimos anos da década dos noventa cando a crítica reaccionou contra este hábito¹⁴, tal como se desprende das clarificadoras palabras de Iris Cochón, que ironizaba ao tempo a respecto do termo *xeración*:

En definitiva, si a estas alturas resulta evidente que el remplazo, aunque presentado como bloque compacto y antagónico, no forma una generación, también es claro que de ninguna manera puede tildarse de generación espontánea.

En consecuencia, parece necesario revisar la oposición ochentas contra noventas y ampliar el alcance de la polémica, incluso manteniendo la polaridad¹⁵ (Cochón, 1999: 22).

Con todo, foi Arturo Casas quen resolveu os problemas suscitados polo marbete *xeración* ao propor a súa utilización nun sentido socio-lóxico-cultural, isto é, con independencia do ano de nacemento dos escritores e escritoras:

O marbete de «*xeración dos 80*» non debería utilizarse con restrictiva orientación biolóxico-positivista senón nun sentido sociolóxico-cultural, no marco teórico das descripcións de Karl Mannheim. A incorporación á misión colectiva detallada, coa compañía das afinidades e rexeitamentos subsidiarios, e independentemente de datas de nacemento e de frecuencia das visitas ás baiucas, templos e convivios grupais, sería o único requisito para a pertenza ao marco xeracional de referencia (Casas, 1995: 202¹⁶).

A adopción deste criterio permitiu resolver os problemas á hora de situar determinados autores na súa promoción, dos que Chus Pato (1955) ou Emilio Araúxo (1962) son exemplos abondo ilustrativos. Polo demais, o paso dos anos e o madurecemento das reflexións fixo máis aconsellable esquecer a dicotomía entre dúas poéticas antagónicas e falar dunha continuidade na que se poden demarcar diferentes etapas nas que se advirte o predominio dunhas ou outras actitudes. Neste sentido, Iris Cochón propuxo a terminoloxía, de raizame nietzscheana, *apolíneos* vs. *dionisiaos*, sobre a que terei que volver nas páxinas que seguen.

iii. O esquecemento daquelas estéticas más afastadas das dominantes en cada época foi outra das consecuencias dunha lectura simplificadora da poesía destes anos. Isto levou ao silenciamiento de discursos, como as novas formulacións da

¹⁴ Algunas estudos viñan alertando xa sobre o carácter impreciso e provisorio, aceptado por comodidade ou por convención, de semellante periodización. *Cfr.*: «Parece que é inevitable que acudamos á comodidade de medir en décadas, ainda a risco de atopármanos cunha sucesión de números que más parecen as medidas dun xastre ou dunha modista ca unha proposta de clasificación. Pero este é un mal menor de toda a crítica do día a día e a verdade é que os que acostumamos a reflexionar sobre a poesía recente a miúdo acudimos á comodidade destas etiquetas uniformadoras» (González Fernández, 1997: 3).

¹⁵ Cómpre notar o carácter retivindicativo con que emprega Miro Villar o termo *xeración dos noventa* no seu traballo de 1996: «Principalmente, [son os] poetas que publicaron a súa obra prima nestes anos» (1996: 11). Villar distingue a seguir unha xeración ponte (Murado, Manuel X. Neira, Arturo Casas, Gonzalo Navaza ou Chus Pato)» da integrada polos «poetas que naceron despois do ano setenta e que publican por vez primeira nos anos desta década e que deben ser considerados como «xeración dos noventa» (*ibidem*).

¹⁶ *Cfr.*: Casas, 1997.

poesía social ou o experimentalismo nos anos 80 – tenta, e tamén de numerosas voces¹⁷.

iv. O esquecemento da convivencia xeracional foi tamén un síntoma frecuente da produción crítica, ao se confundiren aqueles autores que comenzaron a publicar, con estéticas más ou menos afins e innovadoras, nun determinado período con aqueles que, xa asentados no sistema e pertenecentes a promocións anteriores, seguiron e seguiron facendo nuns espacios moi más veces compartidos. Un dos exemplos máis relevantes é, sen dúbida, o de Álvaro Cunqueiro (1911-1981), que no ano 1980 publicou o libro *Herba aquí e acolá*, moi achegado estéticamente á poesía dos autores máis novos que naquel momento estaban a irromper no panorama literario. O feito non pasou desapercibido aos ollos da crítica. Xosé Luis Axeitos describia deste xeito a situación á altura de 1995:

[En Galicia] nos últimos anos converxen voces de espléndida madurez, caso de Luz Pozo, Avilés de Taramancos, Álvarez Torneiro, e as intermedias de Uxío Novoneyra, García Bodán, Ferrín e Arcadio López Casanova, coas dos poetas que se deron a coñecer despois de 1975, o que demuestra que todo o proceso renovador é case sempre resultado da confluencia de varias xeracións¹⁸ (Axeitos, 1995: 166).

Con todo, a tendencia á reproducción de dogmas no discurso crítico sobre a poesía actual viuse compensada por unha actitude contraposta que está a levar a cabo unha revisión e unha desmontaxe de moitas interpretacións.

2. Exposición (tamén) necesaria

A evolución do discurso poético galego dos últimos vintecinco (vinteito) anos adoita fa-

cerse, xa que logo, seguindo un criterio cronológico, ameazado, como xa dixen, polo risco da caída na simplificación e no esquecemento. A seguir presentarei unha panorámica sucinta deste período, na que intentarei revisar algúns das cuestións que veñen resultando problemáticas e incorporar as últimas achegas críticas.

Os derradeiros versos sociais

En realidade, os estudos que se ocupan da poesía desta época remóntanse ao ano 1973 para situar nel a fin da poesía de corte social realista, dominante ao longo dos anos sesenta no panorama poético galego. A data corresponde á publicación da antoloxía *Os novísimos da poesía galega*, elaborada por María Victoria Moreno Márquez, seguindo o modelo de José María Castellet na literatura castelá. Como se ten sinalado en numerosas ocasións, o contenido da antoloxía dos *novísimos* galegos casaba ben pouco co seu título, ao reunir unha serie de textos de carácter epigonal que foron catalogados como as derradeiras mostras da estética socialrealista¹⁹ que o novo discurso viña suplantar. Outra cousa ben diferente foi a continuidade dunha liña social –ou política– nos anos sucesivos (Cochón, 1998 e 2000).

Annus mirabilis

A aparición en 1976 de tres poemarios nos que axiña se percibiu un discurso innovador con respecto á tradición inmediatamente anterior converteu este ano nunha data fundamental no proceso de renovación do discurso

¹⁷ Helena González referíase á existencia de «otras propuestas, con desigual eco y con desigual recepción que sin embargo es necesario tener en cuenta porque ellas son los antecedentes inmediatos de muchas propuestas que ahora encontramos en los poetas de los noventa (la tiranía de las décadas es caprichosa pero, por ahora, útil)» (1998a: 69).

¹⁸ Cf.: «Non obstante, cómpre ter presente que neste movemento participaron poetas de todas as xeracións en exercicio desde a do 36 á máis recente. Igualmente, resulta necesario recalcar que o pulo avoador de moitos autores maduros é ás veces superior ao dos poetas máis novos, non sempre partidarios da experimentación e liteiramente máis tradicionais e conformistas que os seus antecesores» (Rodríguez Fer, 1995: 60). Cf.: Casas, 2001.

¹⁹ «Lóixe de introducir algunha novidade, continuaban [estes autores] aferrados ao socialrealismo precedente, tomado como mestres a poetas e epígonos da tradición crítica decimonónica galega e da poesía social española e hispanoamericana» (Rodríguez Fer, 1989: 251). Cf. tamén Dasílva, 2001 e Nogueira / Rodríguez Fonseca, en prensa.

poético galego. Trataba de *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luis Méndez Ferrín, *Mesteres*, de Arcadio López-Casanova e *Seraogna*, de Alfonso Pexegueiro.

A fixación dunha data e unha obra –ou obras– fundacionais ten ocasionado abundas discussións. Os estudiosos pioneiros, Monteagudo (1985), Rodríguez Gómez (1986) e Rodríguez Fer (1986 e 1989) consideraron claves os poemarios de Arcadio e Ferrín. O primeiro dos críticos salienta esta data baseándose fundamentalmente na obra de Ferrín, pois considera que

posibilitou a alternativa ao socialrealismo galego, pois era un libro dun escritor claramente comprometido que non optaba de cote pola denuncia social directa no discurso literario (Monteagudo, 1985: 272).

Rodríguez Gómez (1986) referiu-se á menor influencia de Arcadio e incluíu tamén no proceso de *creación dunha nova atmosfera* a Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carballo Calero, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Xohana Torres, Manuel Vilanova e Antón Avilés de Taránancos; pola súa banda, Rodríguez Fer (1989) salientou a existencia dalgúns antecedentes a estes textos renovadores, como o «*Viet Nam Canto*», de Uxío Novoneyra, os textos políticos de Heriberto Bens (Xosé Luís Méndez Ferrín) e algunas composicións previas de Arcadio. Na década dos oitenta xurdiron outras voces disparentes con esta lectura, como a de Manuel Forcadela, quen situou a ruptura no ano 1980 e salientou o protagonismo que nela tiveron as obras de Manuel Vilanova, Rodríguez Baixeras e Xavier Seoane (in Rodríguez Gómez, 1986: 243), ou Xosé Ramón Pena (1987), que insistiu no carácter ético, máis que estético, exercido por Ferrín. Nos anos noventa, Luciano Fernández Martínez (1994) apontou a necesidade de incluir na nómina de textos renovadores *Seraogna*. Ao seu recoñecemento seradio referíase Helena González, quen lembraba ademais a oportunidade das palabras de Basilio Losada, á altura de 1977:

Mesteres. Con pólvora e magnolias, si a estes libros sumamos *Seraogna*, de Pexegueiro, y *Orfo de ti en terra aden tro*, de Vergara Vilaríño, bien podemos decir que el pasado año [1976] deberá figurar como un punto de inflexión y de reflexión en el menguado panorama de la lirica gallega de los últimos tiempos (in Helena González, 1998b).

Finalmente, Miro Villar (1998) recolleu algunas discrepancias con respecto a esta data, negou decididamente o influxo de Arcadio López-Casanova⁴⁰ e considerou desmedido «ou-torgar a un único libro a responsabilidade dun cambio poético que naceu por causas extraliterarias» (1998: 215). Por outra banda, reivindicou como data emblemática o ano 1978 pola aparición de dúas obras, na súa opinión, verdadeiramente renovadoras: *Poesía experimental*, de Xavier Seoane e *Paisaxe de Clasgow*, de Vicente Araguas.

Daqueles (marabillosos) anos

Nas páxinas precedentes referíame a un baleiro en canto á descripción da producción poética entre ese discurso ano fundacional e o comezo da década, que corresponde a unha etapa de fervente actividade poética protagonizada por unha serie de grupos e asociacións, entre os que Rompente acada un lugar central.

O Grupo de Comunicación Poética Rompente, fundado en Vigo no ano 1976 por Antón Reixa e Alfonso Pexegueiro, aos que logo se uniron Manuel María Romón e Alberto Avenidaño, levou a cabo un exercicio público de poesía experimental, subversiva e intervencionista, que difundiu a través de espectáculos diversos (recitais, *happenings*), libros individuais e colectivos e outros documentos (*asfolias de resistencia poética*). O labor de Rompente resultou dunha grande importancia para a renovación dos hábitos poéticos. Con todo, as súas propostas quedaron esquecidas na década inmediatamente posterior, caracterizada polo dominio do formalismo e o culturalismo, e só foi nos noventa cando a súa pegada se deixou ver nos escritores máis novos. A histo-

⁴⁰ «Parte dos poetas consultados [na primeira antoloxía de Rodríguez Gómez] confesan o influxo de Ferrín na deriva estética da súa obra, mais ningún, nin sequera o propio Rodríguez Fer cando fala como poeta, absolutamente ningún cita a influencia da lectura de Arcadio López-Casanova que, xa vais sendo hora de o dicir en público, era praticamente descoñecido no ámbito da nosa literatura» (Villar, 1998: 215).

ria do grupo deu lugar a algúns estudos nos últimos anos (González, 1998c; Cochón / González, 1999) e mesmo á antoloxía *Upalás* (1998), elaborada por Iris Cochón e Helena González.

A actividade poética destes derradeiros anos da década dos setenta está marcada polo xurdimento doutros grupos poéticos, creados case sempre cun carácter efémero e circunstancial ao ser o seu obxectivo principal a publicación conxunta dos textos dos seus integrantes. Refírome a Gravó Fondo (formado por Ramiro Fonte, Xesús Rábade Paredes, Xavier Rodríguez Barrio, Xulio e Xesús López Valcárcel), Alén (Miguel Mato Fondo, Xosé Ramón Pena e Francisco Salinas Portugal) ou o madrileño Loia (Manuel Rivas, Xosé Manuel e Lois Pereiro, Fermín Bouza Álvarez e Reimundo Patiño, entre outros¹⁰).

Unha boa parte da crítica considera que as actividades levadas a cabo por estes colectivos prepararon o terreno para a verdadeira renovación poética que se produciu nos anos oitenta.

A poesía dos oitenta

Á marxe dos problemas terminolóxicos que esta denominación poida suscitar, a estas alturas semella a máis consolidada e ao tempo obxectiva se quierenmos periodizar cronoloxicamente o tramo final do século XX. A denominación foi debida á eclosión de escritores e escritoras nos comezos da década con propostas que naquel momento resultaban novidosas, caracterizadas as máis delas pola propensión ao culturalismo, polo coidado formal e pola volta aos temas máis clásicos da literatura universal.

A este fenómeno non lle foron alleas as transformacións que no ámbito político, social e cultural, tiveron lugar nos anos da transición, nomeadamente, o lento proceso de recuperación de dereitos e liberdades. Neste senso, a crítica salientou feitos como a fin da

dixadura, a desaparición da censura, a aprobación do Estatuto de autonomía, a elaboración e aprobación dunha normativa oficial ou a presencia da lingua e a literatura galegas no ensino. Semellante estado de cousas creou unha progresiva illusión de normalidade que tivo o seu reflexo no propiamente literario¹¹.

Os primeiros estudos identificaron unha serie de trazos recorrentes na poesía dos oitenta que se corresponden coa tendencia primeiramente canonizada e dominante. Foron estes:

1. O culturalismo.
2. O coidado da expresión.
3. A renovación temática¹² (Rodríguez Gómez, 1986).

Con esta liña dominante e canonizada a partir da antoloxía de Rodríguez Gómez identifíouse, en máis ocasións das desexadas, a totalidade da poesía dos oitenta.

Noutro lugar identifíquenlle, nos autores que comezan a publicar ao longo da década, especialmente na súa primeira metade, unha serie de tendencias que expoñerei a continuación. Naquela clasificación permeable, provisoria e motivada por un afán de ordenación da realidade, via as seguintes poéticas:

1. A culturalista, representada por voces como Manuel Forcadela, Román Raña, Paulino Vázquez, Eusebio Lorenzo Baleirón, Ramiro Fonte, Miguel Anxo Fernán-Vello, entre outros. Foi a tendencia dominante.
2. A poesía da experiencia, representada por Manuel Rivas ou Antón L. Dobao, que apostou por un discurso natural e por lingüaxe directa.
3. O experimentalismo, cultivado entre outros por Manuel Vilanova, Vicente Araguas ou Miguel Sande.
4. A poesía de muller, na que concorron figuras como Pilar Pallarés, Xela Arias, Ana

¹⁰ Para máis información, *cid*, Nogueira, 2001.

¹¹ Cfr.: Monteagudo, 1985: 269 e ss. «Una de las consecuencias más inmediatas [del propósito de construir una situación de normalidad] fue la consagración de un grupo de poetas jóvenes, de calidad reconocida en los premios y empeñados por construir un registro poético culto en gallego» (González Fernández, 1998a: 267).

¹² Nun esforzo por sintetizar os temas tratados na poesía dos oitenta, poderíamos enumerar os seguintes: a temática intimista (o amor, o paso do tempo, a nostalgia, a morte, a soledade, o cansazo vital e o desencanto); o contorno (a natureza e a paisaxe, os espacios interiores, os espacios intintos); a temática culturalista; a temática social (Galicia, o traballo, a épica galega, os contidos políticos); e a reflexión metaliteraria (Nogueira, 2001).

Romani ou Marica Campo, e que foi considerada o alicerce da eclosión de voces femininas na década dos noventa.

5. Poéticas senlleiras, como a de Claudio Rodríguez Fer, Miguel Anxo Murado ou Luís González Tosar (Nogueira, 2001).

Iris Cochón (1999 e 2001) preferiu falar do predominio dunha estética apolínea ao longo da década, coa que se identificaría a liña dominante, caracterizada do seguinte xeito:

refinada y sublime, se ha esforzado en ocupar un domínio de clasicidad, de forma que crea textos logocéntricos, restringe la intertextualidad al gran canon, ensaya propuestas atemporales y cede a un marcado barroquismo²⁴ (Cochón, 1999: 22).

A produción que denominamos convencionalmente *dos oitenta* foi difundida a través das edicións de poesía (estables, efémeras ou de autor), favorecidas a miúdo pola contía económica ou o prestixio dun premio²⁵, así como das moitas revistas xurdidas ao longo da década e das que acaso cumpriría salientar, polo seu carácter aglutinador e representativo, dúas: *Luzes de Galiza* e *Dorna*²⁶. Malia o predominio da estética más culturalista e apolínea, o exame destes materiais ofrece un panorama moi to menos homoxéneo do que moitas veces foi trazexido pola crítica. Neste senso, un sector desta ten recoñecido a existencia de voces ponte. A heteroxeneidade aumenta se temos en conta a evolución, ao longo dos anos, destes escritores (Pilar Pallarés é un exemplo abondo representativo).

Poetas dos noventa

Os estudiosos do feito poético galego teñen observado mostras de cansazo contra finais da década dos oitenta e un aumento da actividade nos anos sucesivos o que, xunto coa aparición de

obras que resultaban innovadoras con respecto á poesía dominante anterior, levou a falar de novo dun movemento de renovación da poesía galega.

Superada a hermenéutica do antagonismo, cómpre reconecer nos primeiros anos da década dos noventa a aparición de novas voces (as más delas de considerable xuventude), caracterizadas por unha concepción da poesía afastada da liña predominantemente nos oitenta. As propostas ás que me estou a referir elaboraron unha linguaxe más directa, menos barroquizante e más espida de referencias culturalistas, e mesmo unha poesía intervencionista ou cuestioneira da orde establecida. Neste ámbito debemos enmarcar as primeiras reaccións contra os produtos da década anterior, como é o caso dos dous textos de Ronseltz, con títulos abondo significativos: «Análise afortunadamente pouco documentada da poesía dos oitenta» (1991) e *Unicornio de cenorías que cabalgas os sábados*²⁷ (1994), ou algunas das composicións de Antón Rodríguez López ou Manuel Outeiriño.

Fóra disto, a loita destes novos (non necesariamente en canto á súa idade) escritores e escritoras polos espacios editoriais, monopolizados as máis das veces por voces asentadas, xerou non poucas tensións no sistema, que mesmo chegaron a callar nunha disputa xurdida en torno á formulación freudiana *malario* ou *pai*, que tivo más de loita polo poder e de confrontamento xeracional que de verdadeira polémica²⁸.

No que se refire á natureza e contido das distintas propostas estéticas xurdidas nesta nova década, o estudio pioneiro de Helena González (1997) identificaba as seguintes rotas:

1. Poesía de muller.
2. Poesía rupturista e/ou experimental.
3. Poesía do cotián.
4. Nova poesía do coñecemento, revitalización de formas clásicas, propostas intimistas e paisaxísticas.

²⁴ «(...) esboza propuestas esencialistas, estilizadas y contemplativas mientras ensaya vías de conocimiento y explicación de si centradas en el locutor, una proyección del autor con experiencias fácilmente generalizables» (Cochón, 1999: 22).

²⁵ Para os premios, *vid.* Rodríguez Gómez, 1986.

²⁶ Para as revistas, *vid.* Álvarez Cáccamo, 1985.

²⁷ Repárese especialmente na sección «Recitado de clásicos» e na súa condición de contracanon.

²⁸ *Vid.* sobre isto Cochón, 2001a.

Nesta primeira achega, a autora presenta ba tamén unha caracterización xeral das actitudes que cristalizaron no novo período que podemos resumir como segue:

1. Fuxida do venecianismo e do culturalismo barroco.
2. Tendencia ao discurso intimista e na coacercación de universos simbólicos persoais.
3. Preferencia polo contorno urbano e os espacios interiores e cotiáns.
4. Tendencia á introspección interior e ao autoconecemento; voz desprovista de artificios retóricos.
5. Narratividade e afastamento do autor.
6. Apostas (agás excepcións) polo verso libre.
7. Reivindicación de Galicia e dunha temática civil.
8. Ecos doutras voces anteriores (*op. cit.*: 6-7).

Nunha revisión posterior, a propia autora propuxo un marco de análise máis amplio no que «máis que facer grupos monolíticos» pretende «pór en tensión binomios confrontados» (1998a: 661). Neste senso, sinala seis oposicións que resultan rendibles para caracterizar a poesía da época:

- I. Conciencia de resistencia ou de normalidade.
- II. Base estética ou base circunstancial.
- III. Estraneirización ou particularismo.
- IV. Coñecemento ou comunicación.
- V. Escribir para un lector fictivo universal ou para un lector particular e coñecido.
- VI. Esquema actorial simple ou ficcionalidade (González Fernández, 1998b).

Posteriormente, Iris Cochón enmarca estas novas propostas no dominio dunha estética dionisiaca, que «retoma y expande propuestas centradas en las convulsiones de nuestra

época que pueden formalmente retrotraerse hasta los últimos años setenta» (Cochón, 1999: 22). A autora propón, no seu estudo de carácter panorámico, a seguinte clasificación:

1. Os niveladores co apolíneo (Miro Villar, Gonzalo Navaza ou Arturo Casas), que non poden considerarse epígonos da estética anterior senón perfeccionadores desta. «pulindo os seus excesos e nivelando as súas preocupacións coas dionisiacas» (Cochón, 2001a: 393).
2. Os dionisiacos.
 - 2.1. O discurso da naturalidade (Rafa Villar, Helena de Carlos, Emma Couceiro, Fran Alonso, Estevo Crenz, Celso Fernández Santamaría, Marilar Aleixandre ou Cristal Méndez), que reacciona contra o decadentismo e o retoricismo anterior, apostando por «personaxes e espacios pouco convencionais e mesmo degradados, rexistros pretendidamente conversacionais e referentes cotiáns, o cal lle outorga o brillo do próximo e xenuíño» (*op. cit.*: 397).
 - 2.2. A desmontaxe do hexemónico (María Xosé Queizán, Colectivo Ronseltz, Lupe Gómez, Yolanda Castaño ou Olga Novo), que «difunden discursos destinados de forma privilexiada a poñer en evidencia as implicacións e os lastres da linguaaxe recibida» (*op. cit.*: 402).
 - 2.3. A aposta postsublime (Mamiel Outeiro, Xabier Cordal, Anxos Romeo, Chus Pato e Claudio Pato), de referencias cultistas e de grande experimentalismo, baseada «nunha concepción non diferencial de pensamento e linguaaxe que verbaliza de xeito demoledor as posibilidades e límites do coñecemento²⁰» (*op. cit.*: 408).

A esta visión cumpriría engadir a contribución de Carlos Negro, quen identificou as seguintes liñas temáticas no discurso poético dos noventa:

²⁰ A autora identifica un grupo previo ao que bautiza como «Os predecesores», integrado por Luisa Castro, Antón R. López e Lois Pereiro, que caracteriza do seguinte xeito: «Xunto ó labor non só estreitamente poético senón culturalmente dinamizador que veñen desenvolvendo Ana Romani e Claudio Rodríguez Fer, ámbolos dous tratados de forma deliberada no capítulo dedicado á decade dos oitenta co obxecto de demostra-lo seu dobre e ambivalente lugar na demarcación habitual, aquí contemplaremos tres casos máis, igualmente marcados pola súa condición heteroxénea con respecto á poética dominante no momento da súa aparición. Son, xa que logo, referencia inexcusable» (*op. cit.*: 390).

1. O canto elexíaco (testamentos da cultura agraria).
2. As memorias da Terra e da Fisterra.
3. A cuestión da Patria.
4. O esvaecemento da lingua (Patria sen idioma).
5. A metamorfose da Patria en Matria.
6. A conquista do corpo en feminino.
7. A crónica do mundo urbano.
8. A reflexión metapoética (a conciencia intertextual).
9. Os camiños da memoria.
10. As viaxes da imaxinación (Negro, 2001: 5).

No que se refire ás novas actitudes adoptadas por estes poetas á hora de difundir o seu verso, destaca o seu activismo (poderíamos falar mesmo de militancia poética) e a constante procura de novos espacios, que levaron os textos a foros diversos, como pubs, prazas ou centros de ensino. Ao longo da década rexistrouse unha notable tendencia á formación de grupos de maior ou menor cohesión. Sirvan como exemplo o activo Batallón Literario da Costa da Morte, Sete Naos, Serán Vencello, Blas Espín, Corporación Semiótica Galega, etc. Por outra banda, creáronse novas plataformas editoriais de natureza ben diferente e, as máis das veces, alternativa: follas voandeiras, plaquettes, coleccións de autor, edicións coope-

rativistas (Edicións do Dragón ou Letras de Cal) e mesmo edicións ao uso (Espiral Maior, no ano 1990; Ablativo Absoluto, de Edicións Xerais de Galicia, no 1994; Edicións Positivas; e Noitarenga³⁰). Á beira de todo isto debemos ter en conta ainda a procura de novos soportes, como foron as carpetas artesanais (Edicións do Dragón), o disquete (Retagarda Edicións) ou Internet³¹. En xeral, a actitude predominante nos poetas que se dan a coñecer ao longo da década dos noventa caracterízase pola súa notable implicación na poesía e por unha concepción más desacralizada desta.

Final aberto

Neste traballo de síntese e de revisión bibliográfica da poesía actual, probablemente resulte un tópico insistir na falta de perspectiva con respecto aos materiais estudiados. Quizais sexa más proveitoso referirse á existencia de determinados puntos de inflexión na historia do discurso poético dos últimos anos, indicadores dunha capacidade de reacción que conseguiu transformar o discurso poético en varios momentos –setentas, oitentas ou noventas– da súa historia recente e rescatalo da súa (campá de) sombra e das súas propias pantasmas.

3. Referencias bibliográficas

- AA.VV. (2002): «Aproximación a la poética de Claudio Rodríguez Fer», *Madrygal*, 5, pp. 23-37.
 ACUÑA, Ana / Carmen MEJÍA (1999): «O amor na obra de M.º Xosé Queizán», *Madrygal*, 2, pp. 11-20.
 ÁLVAREZ CÁCCAMO, Xosé María (1985): «As revistas literarias de 1975 a 1985», *Grial*, 89, pp. 340-353.
 ARAGUAS, Vicente (1997a): «Poesía de hoy: foto de grupos», *Quimera*, 158-159, pp. 102-105.
 — (1997b): «¿Poetas dos oitenta?», *O Corredo Calego*, suplemento *Chineses*, 3 de xaneiro, pp. 19-22.
 AXEITOS, Xosé Luís (1990): «O poema «Cebra» de Claudio Rodríguez Fer. (O erotismo como forma de conocemento)», *Boletín Calego de Literatura*, 4, pp. 59-67.
 — (1995): «A poesía nos últimos trinta anos», *Coloquio. Letras*, 138, p. 166.
 — (1999): «La poesía de los ochenta en el discurso literario finisecular», *Ínsula*, 629, pp. 21-22.
 BERNARDEZ, Carlos L. et al. (2001): «Tendencias da poesía da fin de século», *Literatura galega século XX*, Vigo: A Nosa Terra, pp. 321-365.
 BLANCO, Carmen (1991): *Literatura galega da muller*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 139-172.
 CARRACEDO DOVAL, Juan José (1998): «Poesía galega en presente (En torno a Miro Villar)», *Madrygal*, 1, pp. 39-44.

³⁰ Vid. Nogueira 2001.

³¹ Vid. Nogueira, 2000b.

- CASAS, Arturo (1995): «Perante o tempo escrito. A indagación poética de Álvarez Cáccamo», *A trabe de ouro*, 22, pp. 201-228.
- (1997): «De impurezas, epitafios e balbordos. Lectura non só sistemática de *Fascinio* de Chus Pato, nas coordenadas líricas dos 90», *Anuario de Estudios Galegos* 1996, Vigo: Galaxia, pp. 129-148.
- (1998): «Lírica difusa, ou xéneros en tempo indecoroso», *Grial*, 140, pp. 667-689.
- (2001): «Ultimidades poéticas», *O Correo Galego*, suplemento *Chineses*, 12 de xullo, pp. 2-3.
- COCION, Iris (1998): «Dicción, contradicción e nación: a incorporación do mundo no discurso poético ulímo», *Grial*, 140, pp. 717-730.
- (1999): «Los noventa del novecientos», *Insula*, 629, pp. 22-24.
- (2000): «Galicia como vontade e representación: a épica posible no discurso poético dos noventa», in Ana Bringas López / Belén Martín Lucas (eds.), *Identidades multiculturais: revisión dos discursos teóricos*, Vigo: Universidade de Vigo, pp. 93-102.
- (2001a): «A década poética dos noventa: continuidade e mudança», *Literatura*, A Coruña: Hércules de Ediciones, vol. 4, *A literatura desde 1936 ata hoxe: Poesía e teatro*, pp. 365-417.
- (2001b), «Unha proposta de superación da orde xeracional oitenta / noventa», *Literatura*, A Coruña: Hércules de Ediciones, vol. 4, *A literatura desde 1936 ata hoxe: Poesía e teatro*, pp. 285-287.
- / Helena GONZALEZ (1999): «Rompente: comunicación e vanguarda», in Dieter Kremer (ed.), *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos*, Sada: O Castro / Trier: Universidade de Trier, pp. 1075-1084.
- DASILVA, Xosé Manuel (2001): «Do epigonismo da poesía social-realista ós inicios da renovación estética», *Literatura*, A Coruña: Hércules de Ediciones, vol. 4, *A literatura desde 1936 ata hoxe: Poesía e teatro*, pp. 240-283.
- DOMÍNGUEZ REY, António (1993): «Última poesía gallega», *Zurgai. Poesía Gallega*, pp. 64-70.
- FERNÁNDEZ, Luis Miguel (1991): «Sombra de unidad: el esencialismo de Arturo Casas», *Insula*, 534, pp. 22.
- FERNANDEZ MARTÍNEZ, Luciano (1994): «Alfonso Pexegueiro, a liberdade da lingua xe exiliada», *A trabe de ouro*, 20, pp. 521-522.
- FRAGA RODRÍGUEZ, Lucía (2001): «Luis González Tosar: a palabra na procura da eternidade», *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2000, Vigo: Galaxia, pp. 159-184.
- GONZÁLEZ, Susana (2002): «Chus Pato e o hermetismo rupturista», *Madrygal*, 5, pp. 73-80.
- GENETTE, Gérard (1987). *Séarts*, Paris: Éditions du Seuil.
- GONZALEZ FERNANDEZ, Helena (1997): «A poesía dos noventa e a reacción contra a poesía dominante», *O Correo Galego*, suplemento *Chineses*, 3 de xaneiro, pp. 3-7.
- (1998a): «Poesía gallega desde 1975 hasta hoy: la palabra y la realidad», *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, V, pp. 263-275.
- (1998b): «Repensar, fatigándose, desde a desorde actual», *Grial*, 140, pp. 651-665.
- (1998c): «Rompente, poderosa pomada», *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1997, Vigo: Galaxia, pp. 47-83.
- LAMEIRA VIII SARAVIA, María do Carme / María Xesús NOGUEIRA (2000): «Emigración, estranxeiría e palabras da tribo. Aproximación á obra poética de Manuel Rivas», in Dieter Kremer (ed.), *Actas do VI Congreso Internacional de Estudios Galegos. Un século de estudos galegos. Galicia fóra de Galicia*, tomo I, Lingua. Literatura. Traducción, Trier: Galicien Zentrum der Universität, pp. 425-446.
- LLOROA ANTOLÍN, Fina (2002): «La simbología de la desnudez según Olga Nogo: cuatro poemas de *Nós nus*», *Madrygal*, 5, pp. 85-95.
- LÓPEZ SILVEIRA, Xosé Antonio (2000): «Repertorio clásico e intertextualidad en *Devalar das esperas*», *Dorma*, 26, pp. 125-132.
- (2002): «Dialéctica e confrontación intertextual en *A constelación da xuvenza*», *Dorma*, 28, pp. 133-145.
- MATO FONDO, Miguel Anxo (1991): *Amazá e a cinza (a poesía galega após 1976)*, Vilaboa: Ediciones do Camiño.
- (1996): «A poesía actual», in Alberte Ansede Estraviz / Cesáreo Sánchez Iglesias (dirs.), *Historia da Literatura Galega*, A Coruña: A Nosa Terra/AS PG, vol. 5, pp. 1506-1536.
- MONTEAGUDO, Henrique (1985): «Dez anos de poesía galega», *Grial*, 89, pp. 268-293.
- NICHO, Carlos (2001): «Decálogo», *O Correo Galego*, suplemento *Revista das leiras*, 12 de xullo, p. 5.
- NOGUEIRA, María Xesús (1997): «Poesía galega dos oitenta», *Boletín Galego de Literatura*, 18, pp. 57-84.
- (1998): «Luciano Rodríguez e Teresita Seara (eds.), *Para saír do século. Nova proposta poética*», *Boletín Galego de Literatura*, nº 19, pp. 164-166.
- (2000a): «Do fonema á paisaxe. O discurso metalingüístico na poesía galega dos noventa», in Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Monteiro*, Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega, pp. 1061-1077.

- (2000b): «Espacios para a palabra no solpor do milenio. Crónica de Letras de Cal», *Madrygal*, 3, pp. 59-66.
- (2001a): «Poesía de fin de milenio. Os anos oitenta», *Literatura*, A Coruña: Hércules de Ediciones, vol. 4, *A literatura desde 1936 ata hoxe: Poesía e teatro*, pp. 289-363.
- (2001b): «Sítios distintos», *Dorna. Expresión poética galega*, 27, 2001, pp. 169-176.
- / María Ángeles RODRÍGUEZ FONTELA (2002): «La renovación de la poesía gallega. Encrucijada de estilos. *Ronsel de voces más allá del tiempo y de sus nombres*», Actas do congreso *Poéticas Novísimas: un futuro nuevo*, Zaragoza: Universidad de Zaragoza, en prensa.
- NOVO, Olga (1996): *Por un vocabulario galego do sexo. A terminología erótica de Claudio Rodríguez Fer*, Santiago: Edicións Positivas.
- (1998): «A luz da rosa negra. Eróticas de Claudio Rodríguez Fer», *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1997, Vigo: Galaxia, pp. 131-143.
- (1999): *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer*, Santiago: Libros da Frouma.
- PEÑA, Xosé Ramón (1987): «Sobre a nova poesía galega», *Nº*, 2, pp. 23-26.
- POLO, Milagros (1995): «Eros e Tánatos. Sobre algúns textos de Claudio Rodríguez Fer», *Boletín Galego de Literatura*, 13, pp. 71-76.
- RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro (1998): «E o silencio na lira de Outeiriño», *Dorna*, 24, pp. 115-128.
- (2000): «A 'síndrome de Stendhal', contra a lírica cruel, poesía do esquenzo», *Boletín Galego de Literatura*, 24, pp. 82-98.
- (2001): «Límites e posibilidades dun estudio tipológico das antoloxías poéticas: o caso galego», *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 2000, Vigo: Galaxia, pp. 205-223.
- REISZ, Susana (1996): «Daquelas que cantan.... sen miramentos: María Xosé Queizán ou o amor á disonancia», *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 1995, Vigo: Galaxia, pp. 127-136.
- REQUEIXO, Armando (1955): «Cinepoemas de Claudio Rodríguez Fer: notas para un análisis filmico textual», *De Dali a Hitchcock. Los caminos en el cine. Actas del V Congreso de la AEHC*, A Coruña: CGAI, pp. 397-414.
- (1977): «A la sombra de Babel», *Quimera*, 158-159, pp. 127-130.
- RODRÍGUEZ FER, Claudio (1986): «Nueva poesía gallega», *Cuadernos del Norte. Monografías*, 3, pp. 108-109.
- (1989): «O texto na historia da literatura: Ferrín e Arcadio no cambio de rumbo de 1976», *Poesía galega. Crítica e metodología*, Vigo: Edicións Xerais, pp. 249-274.
- (1995): «Panorama da poesía galega», in VV. AA. *La poesía nueva en el mundo hispánico. Los últimos años*, Madrid: Visor Libros, pp. 55-63.
- RODRÍGUEZ GOMEZ (1986): Prólogo a *Desde a palabra doce voces. Nova poesía galega*, Barcelona: Sotelo Blanco.
- (1996a): Prólogo a *Los caminos de la voz*, Granada: Diputación.
- (1996b): «Una introducción a la poesía de los 80», *Litoral. Poesía gallega contemporánea*, pp. 36-47.
- / TERESA SEARA (1997): Introducción a *Para sair do século. Nova proposta poética*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ROMERO, Marga (1998): «Poetizar o mundo como muller. Movemento poético da Festa da palabra silenciada: trece anos de poesía galega de mulleres», *Grial*, 140, pp. 691-746.
- SEARA, Teresa (1995a): «A queimadura branca: aproximación á obra poética de Miguel Anxo Fernán-Vello», *Anuario de estudios literarios galegos* 1994, Vigo: Galaxia, pp. 133-148.
- (1995b): «Crear o mundo en femenino. A poesía escrita por mulleres nos anos oitenta e noventa», in Luis Alonso Cirgado (coord.), *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, s. l.: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 401-408.
- (1997): «Un país para padecer a soildade: Os poemas da lenta nudez, de Miguel Anxo Fernán-Vello», *Boletín Galego de Literatura*, 17, pp. 109-118.
- (1998a): «A diversificación da poética intimista no período 1985-1997», *Grial*, 140, pp. 731-744.
- (1998b): «O triunfo de Lilith: Textos para unha muller perversa (Lectura de NÓS NUS de Olga Novo)», *Dorna*, 24, pp. 131-134.
- (1999): «O nomear xusto das cousas (navegación pola poética de Rafa Villar)», *Dorna*, 25, pp. 157-170.
- (2000): «O sangue como bandeira (estratexias de auto-representación na obra de Lupe Cómez)», *Dorna*, 26, pp. 133-138.
- VÁZQUEZ CARREIRA, Marina (1997): *Atépeda luz dos días (Aproximación a obra poética de Xulio L. Valcárcel)*, Fervol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Ensaio.
- VILLAR, Miro (1996): «Poetas dos noventa. unha aproximación», *O Correo Galego*, supl. *Revista das Letras*, 21 de marzo, p. 11.
- (1998): «A poesía galega na fin do segundo milenio (1976-1998)», in Luis Alonso Cirgado (coord.), *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, s. l.: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 213-228.